

PREGUNTAS FRECUENTES

(PRÁCTICAS DE MÁSTER EN XORNALISMO E COMUNICACIÓN MULTIMEDIA)

1. ¿Cantas convocatorias de prácticas do Máster hai cada ano académico?

A Facultade de Ciencias da Comunicación convoca cada curso académico, unha convocatoria de prácticas ao ano. O período ordinario para a realización das prácticas será establecido na convocatoria correspondente (abril a agosto).

2. ¿Cal é a duración do período de prácticas?

As prácticas curriculares terán unha duración de 300 horas e computarán 12 créditos optativos no expediente do/a alumno/a, correspondentes á materia P3383211 Prácticas en empresa.

As prácticas curriculares poderán prorrogarse, por unha sóa vez e por un período igual, como prácticas extracurriculares, sempre que se cumpran os requisitos establecidos ao efecto: matrícula do alumno e alta na seguridade social. Os créditos extracurriculares non computarán no expediente académico do alumno e, polo tanto, non computarán para a obtención do título.

3. ¿Cales son os requisitos para solicitar as prácticas?

- Non ter relación laboral coa empresa/institución onde se pretendan realizar ás prácticas.

4. ¿Podo convalidar as prácticas por materias optativas?

Non, as materias optativas non se convalidan polas prácticas.

O alumnado admitido nas prácticas curriculares, no momento de matricularlas, poderá modificar a súa matrícula e dar de baixa un número de créditos optativos igual ou inferior ao das prácticas (12 créditos optativos), sempre que non se celebren os exames das materias optativas que se pretende anular. O alumnado admitido en prácticas extracurriculares non poderá modificar a súa matrícula.

5. ¿Cales son as fases e modalidades de selección do alumnado?

- **MODALIDADE 1** - Adjudicación directa: O alumnado que promova a formalización dun novo convenio de prácticas entre unha empresa/institución e a facultade terá dereito preferente e por unha soa vez a desenvolver as prácticas na entidade asinante.
- **MODALIDADE 2** - Probas de selección das empresas/entidades: As Empresas/entidades colaboradoras poden establecer a realización dunha proba de selección. Esta selección seguirá os criterios que estableza a empresa/entidade colaboradora. O calendario das probas de publicarse coa antelación de 48 horas ao inicio das probas na páxina web da Facultade de Ciencias da Comunicación. O alumnado que obtivese praza mediante as probas de selección non poderá asistir ao acto público de selección, considerándose irrenunciable a praza adjudicada.

O alumnado que solicite unha praza con proba de selección e non asista será penalizado e non poderá participar en ningunha convocatoria de prácticas do curso académico, salvo que poida xustificar documentalmente o motivo da non comparecencia na proba de selección.

- **MODALIDADE 3** – Adxudicación pública: O alumnado poderá optar ás distintas prazas que oferten as Empresas/entidades colaboradoras que non realicen proba de selección. O alumnado elixirá entre as prazas dispoñibles segundo a cualificación media do seu expediente académico (protocolo SUG).

6. ¿Recibirei algún tipo de compensación económica durante as prácticas?

Con carácter xeral as prácticas académicas externas comportarán unha bolsa ou axuda ao estudo cunha contía mínima de 950 € para os estudantes do máster (12 créditos – 300 horas).

As prácticas académicas externas que incorporen unha contraprestación económica, calquera que sexa o concepto ou a forma na que se perciba, estarán asimiladas a traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, de conformidade co Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

As compensacións económicas das axudas faranse efectivas pola entidade colaboradora segundo a modalidade de pago que considere axeitada.

7. ¿Pódese prorrogar o período de prácticas?

Sí, poderase prorrogar o período de prácticas, como extracurriculares, sempre que non exceda o tempo da convocatoria na que foi seleccionado.

8. ¿As bolsas das prácticas teñen algún tipo de retención fiscal?

As bolsas das prácticas, do mesmo xeito que calquera outra bolsa de formación, teñen unha retención mínima do 2% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IPRF).

9. ¿Podo solicitar prácticas se estou traballando ou percibindo algún tipo de bolsa de formación?

A concesión da bolsa de prácticas da Facultade de Ciencias da Comunicación é incompatible con calquera outra bolsa que teña o mesmo obxecto ou esixa unha dedicación horaria específica, así como con calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais e cargos retribuídos.

10. ¿A materia de prácticas pode ser obxecto de recoñecemento por experiencia laboral ou profesional?

Non. A memoria do master non establece recoñecemento de créditos por acreditación da experiencia laboral ou profesional. O Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, establece que o volume de créditos recoñecibles a partir da experiencia profesional ou laboral **non poderá superar, globalmente, o 15 por cento do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter (60 ECTS).**

11. ¿Que teño que facer para que se me avalíen as prácticas?

Para que as prácticas sexan cualificadas as/os alumnas/os deben entregar, no prazo de 10 días desde que finalice o seu período de formación, unha memoria sobre a súa experiencia, así como responder ós cuestionarios remitidos desde a Oficina de Seguimento das Prácticas.

Por outra banda, as entidades onde as/os alumnas/os desenvolveron as súas prácticas deben remitir á Facultade de Ciencias da Comunicación unha certificación conforme á correcta realización das mesmas (non serve que sexan a/o alumna/o quen entregue este documento).

Vistos estes informes, elaborárase un acta de cualificación que será asinada polo coordinador das prácticas da Facultade, dando traslado da mesma á correspondente Unidade de Xestión Académica (UXA) para que proceda ó recoñecemento dos créditos no expediente académico das/os alumnas/os.